



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 4 DE XULLO DE 2014.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas e trintas minutos do día catro de xullo de dous mil catorce, tivo lugar, en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES.-**

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 28 de maio e 6, 19 e 26 de xuño de 2014, ó que responden negativamente os concelleiros presentes na mesma, polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes nela.

#### **PUNTO 2.- ACORDOS**

Vistas as Bases do Plan Urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Realizar o investimento denominado "Pavimentado das rúas de A Guarda II".
- 2.- Aprobar o proxecto denominado "Pavimentado das rúas de A Guarda II".
- 3.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 118.661,41 € con cargo ó Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014.
- 4.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €; o órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

5.- Existe dispoñibilidde dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

Vistas as Bases do Plan Urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Realizar o investimento denominado "Adquisición de vehículo para vías e obras".
- 2.- Aprobar o proxecto denominado "Adquisición de vehículo para vías e obras".
- 3.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 20.670,32 € con cargo ó Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014.
- 4.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €; o órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.
- 5.- Existe dispoñibilidde dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

Vistas as Bases do Plan Urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Realizar o investimento denominado "Instalación de elevador para eliminación de barreiras na Casa de Oficios".
- 2.- Aprobar o proxecto denominado "Instalación de elevador para eliminación de barreiras na Casa de Oficios".
- 3.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 20.500,00 € con cargo ó Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014.
- 4.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €; o órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.
- 5.- Existe dispoñibilidde dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

Lese o escrito RE 3.936 de data 4 de xullo de 2014, presentado por DNA. AVELINA ALONSO VICENTE, en representación de D. Arturo Alonso Sousa (falecido), con enderezo na rúa Rosalía de Castro, nº 6 da Guarda, solicitando a anulación do recibo de auga municipal do 1º trimestre de 2014 relativo ó obxecto tributario Paseo de Portugal, nº 3-baixo e a emisión dun novo pola media ponderada.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular o recibo do 1º trimestre de 2014 do obxecto tributario Paseo de Portugal, nº 3-baixo e emitir un novo pola media ponderada.

Dase conta do escrito RE 3.933 de data 3 de xullo de 2014, remitido pola XEFATURA TERRITORIAL DE VICEPRESIDENCIA E CONSELELRÍA DE PRESIDENCIA, AA. PP. E XUSTIZA, solicitando informe sobre a viabilidade da proba ciclista "II marcha cicloturista de Oia-Baixo Miño-Val Miñor".

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non existe inconvinte na súa celebración.

Lese o escrito RE 3.766 de data 27 de xuño de 2014, presentado por CLUBE GIMNASIO DO-MAJO, solicitando as instalacións do campo de fútbol municipal para o día 2 de agosto de 2014 por cambio de data da XV edición de "Las noches guardesas del deporte". Asimesmo reiteran a solicitude de colaboración descrita no escrito de data 20 de marzo de 2014.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que deberán aportar a documentación requirida pola Lei de emprendemento e competitividade económica de Galicia.

Lese o escrito RE 3.730 de data 26 de xuño de 2014, presentado por D. DANIEL PORTELA MACUA, actuando en representación de ASOCIACIÓN CULTURAL FUSCALHO, e con enderezo na rúa Diego Antonio González, nº 16 da Guarda, solicitando autorización para dispor da Praza de San Benito os días 19 e 20 de xullo de 2014 para levar a cabo o "IV Mercadinho Sustentável" entre as 10 e 20:30 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado se ben se lle informa que debe cumprir coa normativa de ruidos e deben proceder á limpeza posterior da praza e do seu entorno.

Dase conta do escrito RE 3.633 de data 24 de xuño de 2014 de comunicación previa de inicio de actividade presentada por D. JOSUÉ BAZ VICENTE, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Cervantes, nº 1 da Guarda, solicitando autorización para a celebración dun concerto o día 26 de xullo de 2014 no Antigo Estadio do Tecla sito na rúa Rosalía de Castro.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar esta solicitude, recordándolle ó solicitante que antes de levar a cabo a actividade deberá aportar autorización do propietario do terreo.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **PUNTO 3.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MENORES.**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

- EXPEDIENTE 1.939/2014.- D. JUAN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, PARA REPARAR A TERRAZA NUNHA SUPERFICIE DE 40,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN PICADO DAS PLAQUETAS EXISTENTES, FORMACIÓN DUNHA NOVA CAPA DE COMPRENSIÓN CON FORMIGÓN E MALLAZO E COLOCACIÓN DE NOVAS PLAQUETAS, NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE POZÁS Nº. 33, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).
  
- EXPEDIENTE: 1.962/2014.- D. FRANCISCO VICENTE GONZÁLEZ, PARA "REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 56,00 M<sup>2</sup>., CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA VELLA EXISTENTE E SUBSTITUIILA POR OUTRA TELLA NOVA", DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE LONGRA Nº. 10, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).
  
- EXPEDIENTE 2576/2014.- D<sup>a</sup>. ANDREA RODRÍGUEZ NUÑEZ, PARA AMPLIACIÓN E HABILITACIÓN DE ESPACIO PARA INSTALACIÓN DE PORTAL A 4,00 MTS., DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS Nº. 25, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).
  
- EXPEDIENTE 2.929/2014. D. ROGELIO ÁLVAREZ ÁLVAREZ, PARA ILLAMENTO DA FACHADA EXTERIOR CO SISTEMA COTETERM, FORMADO POR PLANCHAS DE POLIESTIRENO EXPANDIDO DE 4 CMS. DE ESPESOR, CAPA DE MORTERO ARMADO CON MALLA E REVESTIMENTO ACRÍLICO NUNHA SUPERFICIE DE 80,00 M<sup>2</sup>., DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 1º TRV. DE A CRUZ-FIGUEIRAS Nº. 1, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).
  
- EXPEDIENTE: 3218/2014.- D. ELIAS GONZÁLEZ LOMBA, PARA INSTALACIÓN POSTE DE FORMIGÓN HV-630-R-9 PARA ACOMETIDA DE SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN BAIXA TENSIÓN, SITO NA RÚA DE 4º TRV. CORUTO VELLO, S/N., EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- EXPEDIENTE: 3.062/2014.- D<sup>a</sup>. OLGA RODRÍGUEZ VICENTE, PARA REALIZAR CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 30,80 M<sup>2</sup>. CON CHAPAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA DO PAIS APOIADO NOS MUROS DA VIVENDA, SITA NA RÚA DE MALTESES N<sup>o</sup>. 38, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 5 DO P.X.O.U.).
- EXPEDIENTE 2716/2014.- COMUNIDADE PROPIETARIOS RESIDENCIAL ARMONA, PARA IMPERMEABILIZACIÓN DE TERRAZA DA ZONA SUR DO BLOQUE NORTE NUNHA SUPERFICIE DE 130,50 M<sup>2</sup>. CONSISTENTES EN PICADO DO PAVIMENTO ACTUAL E COLOCACIÓN DE NOVA BALDOSA E IMPERMEABILIZACIÓN E COLOCACIÓN DE PELDAÑOS NOVOS DE PEDRA EN ESCALEIRAS, SITA NA URBANIZACIÓN A ARMONA, EN SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN DE COSTAS (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 15 DO P.X.O.U.).

### **PUNTO 4.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS PARA ACTIVIDADES.**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras adaptación de locais para actividades:

- EXPEDIENTE: 2.679/2014.- CENTRO DE OCIO BRINCADEIRA, C.B., PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE CENTRO DE OCIO INFANTIL, SITO NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ N<sup>o</sup>. 9-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 1 DO P.X.O.U.).

### **PUNTO 5.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MAIORES.**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras maiores:

- EXPEDIENTE: 2.173/2014.- D. BERTIN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, PARA RETIRADA E REPOSICIÓN DE APLACADO DE PEDRA DE GRANITO GRIS, DA FACHADA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ N<sup>o</sup>. 19, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 1 DO P.X.O.U.) "*EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO*".



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### PUNTO 6.- OBRAS MAIORES

---

#### **EXPEDIENTE NÚMERO: 739/2014.**

Examinado o proxecto técnico presentado con data 12-02-2014 (R.E. nº. 739), por **D<sup>a</sup>. GLORÍA MARÍA CIVIDANES PORTELA** con D.N.I. nº. 35.559.720-H e con domicilio na rúa de Codesal nº. 32 (A Noria) de A Guarda-C.P. 36788, para "CONSOLIDACIÓN E MODERNIZACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR" sita na rúa de Codesal nº. 32 (A Noria), en Solo Non Urbanizable de Protección Ecolóxica (Ordenanza nº. 12 do P.X.O.U.) e solo Non Urbanizable de Protección de Costas (Ordenanza nº. 15 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico subscrito polo Arquitecto D. Mauro Lomba Martínez (Visado C.O.A.G.: 10-02-2014).

**PRIMEIRO.-** Visto o informe técnico de data 29-05-2014, considérase **favorable** ó outorgamento da licenza complementaria solicitada, condicionada ó cumprimento da declaración responsable presentada ante o organismo competente en materia de protección de costas da Xunta de Galicia e da autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de data 14.05.14.

**SEGUNDO.-** Visto o informe xurídico de data 11-06-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconveniente, polo cal informase **favorablemente**, formulando ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

**1º.-** Concede-la licencia municipal de obras de consolidación e modernización da vivenda unifamiliar sita no lugar da Noria, Camposancos a favor de D<sup>a</sup>. Gloria María Cividanes Portela, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, deberá establecerse o cumprimento de todos os condicionantes impostos na autorización sectorial de data 14-5-2014 e dos derivados da declaración responsable presentada o 17-02-2014 ante o servizo de urbanismo da CMTI, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse a interesada e tamén a D. Diego Puga Pequeño, D. Mauro Lomba Martínez e o denunciante D. Eulogio Abeleira Cabaleiro, así como a AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA. Deberá lembrarse o cumprimento das condicións impostas na licencia de obras orixinaría de data 9-7-2013, así como nas autorizacións sectoriais de datas 20 de febreiro de 2012 e 15 de xaneiro de 2013, afectantes a dita licencia.

**2º.-** Como consecuencia da concesión da licencia en cuestión deixar sen efecto a orde de paralización de obras decretada en Decreto 7-11-2014, a cal deberá ser notificada tamén a todos os citados no anterior apartado.

**3º.-** Rexeitar toda-las alegacións formuladas por D. Eulogio Abeleira Cabaleiro no seu escrito de 31-10-2013, que non se entenderán implicitamente xa rexeitadas no



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Decreto de 7-11-2013, así como as formuladas pola Sra. Cividanes Portela e Sr. Puga Pequeño e o Sr. Lomba Martínez, notificándoles o acordo polo que se rexeitan as mesmas con expresión dos recursos procedentes.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local en Sesión Extraordinaria celebrada o día 4 de xullo de 2014 **RESOLVE**:

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D<sup>a</sup>. GLORÍA MARÍA CIVIDANES PORTELA**, licenza para "CONSOLIDACIÓN E MODERNIZACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR" sita na rúa de Codesal nº. 32 (A Noria), de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### **TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:**

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destinala



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

construcción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

### **EXPEDIENTE NÚMERO: 1.645/2014.**

Examinado o proxecto técnico presentado con data 31-03-2014 (R.E. nº. 1.645), por **D. JESÚS GONZÁLEZ ROCHA e D<sup>a</sup>. LUCIA CORREA VICENTE** con D.N.I. nº. 76.908.809-Y e nº. 76.899.724-Y e con domicilio na rúa de 2º Transversal Aloqueiro nº. 23 de A Guarda-C.P. 36789, para "LEGALIZACIÓN DE AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN DE TERMINACIÓN DE OBRA" sita na rúa de 2º Transversal Aloqueiro nº. 23, en Solo Urbano de Núcleo Rural de "Salcidos" (Ordenanza nº. 7 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico subscrito pola Arquitecta D<sup>a</sup>. Mercedes Maquieira Miguens (Visado C.O.A.G.: 27-02-2014).

**PRIMEIRO.-** Visto o informe técnico de data 25-06-2014, considérase **favorable** ó outorgamento da licenza conforme o sólido definido na documentación con data de visado 05-06-2014.

**SEGUNDO.-** Visto o informe xurídico de data 25-06-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconveniente, polo cal informase **favorablemente**, formulando ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

**1º.-** Concede a licenza municipal de obras de legalización de ampliación de vivenda unifamiliar sita na 2ª Transversal Aloqueiro nº. 23, Salcidos, a favor de Dna. Lucia Correa Vicente e D. Jesús González Rocha, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados e tamén a AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

**2º.-** Como consecuencia da concesión da licenza en cuestión deixar sen efecto a orde de paralización de obras ordeada en Decreto de 9-10-2013, a cal deberá ser notificada tamén a todos os citados no anterior apartado.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local en Sesión Extraordinaria celebrada o día 4 de xullo de 2014 **RESOLVE**:

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. JESÚS GONZÁLEZ ROCHA e D<sup>a</sup>. LUCIA CORREA VICENTE**, licenza para





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

“LEGALIZACIÓN DE AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN DE TERMINACIÓN DE OBRA” sita na rúa de 2º Transversal Aloqueiro nº. 23, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### **TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:**

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **PUNTO 7.- LICENCIAS DE APERTURA**

---

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por DNA. CARMEN MARÍA GONZÁLEZ ESPAÑOL (RE 2.624 de 15/05/2014) para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS (EPIG. 647.1) situado na rúa de Tomiño, nº 2-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a DNA. CARMEN M<sup>a</sup> GONZÁLEZ ESPAÑOL licencia municipal nº 24/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS (Epíg. 647.1) situado na rúa de Tomiño, nº 2-baixo da Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por CENTRO DE OCIO BRINCADEIRA, C.B. (RE 3.578 de 20/06/2014) para a apertura dun local dedicado á actividade de XARDINS DE RECREO (EPIG. 981.2) situado na rúa de Manuel Alvarez, nº 9-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a CENTRO DE OCIO BRICADEIRA, C.B. licencia municipal nº 25/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de XARDINS DE RECREO (Epíg. 981.2) situado na rúa de Manuel Alvarez, nº 9-baixo da Guarda.

*Sendo as once horas do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.*